

A C T A 5/2019
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
– 24 ABRIL DE 2019 –

Na Casa do Concello, a vinte e catro de abril de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.^a Concepción García Vázquez
D. Xurxo Francos Liñares
D. Jorge Juan Carballido Salgado
D.^a María del Pilar Pérez Fagil
D. José Francisco Nanín Castro
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a Sofia Ferreiro Gaspar
D. Julio César Retis Vázquez
D.^a María Vázquez Rey
D. Ignacio Manuel Arroyo Font
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D. Manuel Anxo Fernández Baz

Secretaria xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

- 1.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 213/19 Á 273/19)**
- 2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS NA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DA ETC DE SOLLÁNS**
- 3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO NA GRELA-LAMPAL**
- 4.- DITAME DA MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE SONDETEO-ANOVA E PSdeG-PSOE SOBRE A CONSTITUCIÓN DUNHA MESA DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO**
- 5.- MOCIÓN**
- 6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.



O sr. alcalde sinala que é o último Pleno ordinario e nese senso quiere agradecer a colaboración de todos/as os/as concelleiros/as durante esta lexislatura, sinalando que ao final da sesión entregaráselle a todos un pequeno agasallo institucional, o gravado de Quintana Martelo, que non ten un gran valor económico, pero si sentimental, para lembrar esta etapa.

A continuación, pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 213/19 Á 273/19).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 22 de marzo ata o 16 de abril de 2019, que comprenden os números 213 ao 273, indicando o sr. alcalde que



están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS NA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DA ETC DE SOLLÁNS.

O sr. alcalde da conta da proposta de 9 de abril de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 16 de abril de 2019.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Corrección de errores na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación da ETC de Solláns

O Pleno municipal do concello de Teo aprobou provisionalmente a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por ocupación do Espazo de Traballo Colaborativo (ETC) de Solláns, en sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2018, ordenanza que foi aprobada definitivamente mediante publicación no BOP o 29 de novembro de 2018.

Constatada a existencia dun erro na súa publicación que afecta ao artigo 9 da ordenanza, no que se incorporan parágrafos correspondentes a outras ordenanzas

Visto o informe de Intervención con respecto ao procedemento a seguir para a corrección do erro detectado

Propонese ao Pleno da corporación o seguinte

ACORDO

- 1. Corrixir o erro que se constata na redacción do artigo 9 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por ocupación do Espazo de Traballo Colaborativo (ETC) de Solláns, publicada no BOP do 29 de novembro de 2018, que quedará redactado do seguinte xeito:**

Artigo 9º. Réxime de declaración e ingreso

As cantidades esixibles conforme ás tarifas previstas no artigo 6 desta ordenanza liquidaranse por cada aproveitamento autorizado ou realizado.

O ingreso da taxa realizarase do seguinte xeito:

Vista a proposta inicial de adxudicación, as persoas adxudicatarias non exentas de pago realizarán, no prazo de 10 días naturais, o pago da tarifa correspondente a totalidade do mes en curso no caso de realizarse o ingreso antes do día 15, ou a correspondente a medio mes, se o ingreso é posterior ao día 15.

O pago da taxa pola utilización do ETC de Solláns será mensual e realizarase, con carácter previo, mediante o ingreso en conta bancaria do concello nos primeiros cinco días do mes en curso.

Cando, existindo autorización, non sexa efectiva a ocupación por causa imputable o suxeito pasivo, non procederá a devolución da taxa.

2. Proceder á publicación desta corrección de errores no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co previsto nos artigos 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril”.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

1. Corrixir o erro que se constata na redacción do artigo 9 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por ocupación do Espazo de Traballo Colaborativo (ETC) de Solláns, publicada no BOP do 29 de novembro de 2018, que quedará redactado do seguinte xeito:

Artigo 9º. Réxime de declaración e ingreso

As cantidades esixibles conforme ás tarifas previstas no artigo 6 desta ordenanza liquidaranse por cada aproveitamento autorizado ou realizado.

O ingreso da taxa realizarase do seguinte xeito:

Vista a proposta inicial de adxudicación, as persoas adxudicatarias non exentas de pago realizarán, no prazo de 10 días naturais, o pago da tarifa correspondente a totalidade do mes en curso no caso de realizarse o ingreso antes do día 15, ou a correspondente a medio mes, se o ingreso é posterior ao día 15.

O pago da taxa pola utilización do ETC de Solláns será mensual e realizarase, con carácter previo, mediante o ingreso en conta bancaria do concello nos primeiros cinco días do mes en curso.

Cando, existindo autorización, non sexa efectiva a ocupación por causa imputable o suxeito pasivo, non procederá a devolución da taxa.

2. Proceder á publicación desta corrección de errores no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co previsto nos artigos 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO NA GRELA-LAMPAL

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.^a Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta da alcaldía de 10 de abril de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 16 de abril de 2019.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a “*Proposta de permuta de parte dunha propiedade privada por dous camiños públicos que a atravesan, no LG de A Grela, nº 59, parroquia de Lampay, Teo*”, presentada no concello por D. Julio Rodríguez Bustelo (rex. entrada nº 5513, de 18/06/13) e o “*Anexo ao informe técnico, e planos para a proposta de permuta, dunha propiedade privada por un camiño público que a atravesa, no Lugar de A Grela, parroquia de Lampay, Ayuntamiento de Teo, a requerimento de D. Julio Rodríguez Bustelo*”, de xaneiro de 2018, redactado polo Enxeñeiro técnico agrícola Ramón Moreira García.

Considerando que da citada documentación despréndese que o que se propón polo interesado é que se proceda a desafectar o actual camiño proveniente da concentración parcelaria de Lampai, camiño que atravesa a parcela 62 da citada




concentración, dividíndoa en dúas partes, e que partindo da fonte pública no seu extremo oeste, vai a unirse con outro camiño de titularidade municipal no regato que discorre pola metade da parcela 62 no su extremo leste, camiño que ten aproximadamente unha superficie de 71 m², pretendéndose así mesmo permutar o camiño en cuestión, unha vez desafectado, por un anaco da parcela 62 propiedade de D. Julio Rodríguez Bustelo, sito ao noroeste da mesma, e que linda coa parcela municipal existente na que se sitúan o lavadoiro municipal e a fonte pública, cunha superficie aproximada de 71 m².

Considerando que, segundo se desprende do Informe sobre actuacións municipais no expediente de permuta no lugar de A Grela nº 59, Lampai, asinado pola concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, de 8 de abril de 2019, na parroquia de Lampai non hai oposición á desafectación e posterior permuta, existindo polo contrario unha boa predisposición ao efecto, tal e como se desprende da consulta realizada no seu día á veciñanza do lugar de A Agrela, convocada na Casa Común de Lampai con este fin.

Visto o informe emitido polo técnico municipal, de 10 de abril de 2019, descriptivo do camiño cuxa desafectación se pretende así como da parte da parcela pola que se pretende permutar, incorporando así mesmo unha valoración dos inmobilés afectados.

Visto o informe de secretaría, de 10 de abril de 2019, sobre desafectación dun camiño público e posterior permuta.


Considerando que o camiño en cuestión, na medida en que se atopa enclavado nunha propiedade privada, non se utiliza para o uso público inherente ao mesmo, polo que non parece necesario manter o citado uso, ao tratarse dun camiño que non é utilizado pola veciñanza do lugar, na medida en que para o acceso á fonte e ao lavadoiro do lugar existen camiños polo norte e polo sur da propiedade do interesado.

Considerando que, actualmente, a fonte e o lavadoiro do lugar de A Grela teñen un espazo público moi reducido e están comunicados por un camiño peonil, tamén de moi reducidas dimensións.



Considerando que a permuta do camiño público sen uso permitiría, segundo a proposta presentada, incrementar de forma significativa o espazo público da fonte e do lavadoiro, creando ademais unha ampla zona de comunicación entre as dúas instalacións que daría unha entidade común ao conxunto, e que así foi valorado na reunión veciñal de 28 de xuño de 2016, formándose así un espazo suficiente para a valorización e disfrute dos bens etnográficos existentes na zona.

Considerando que, de acordo coa proposta presentada e as consideracións arriba expostas, preténdese desafectar o camiño para, posteriormente, unha vez que adquira a natureza patrimonial, proceder a permutar o mesmo nos termos recollidos na presente.


Considerando que, segundo a normativa aplicable, no expediente de desafectación dun ben de dominio público haberá de acreditarse a súa oportunidade e legalidade e tendo en conta que, de acordo co exposto, concorre e queda acreditada no expediente a oportunidade da desafectación proposta, na medida en que é útil para o interese público nas circunstancias do momento actual, debéndose tramitar o expediente observando o procedemento legalmente establecido, para dar cumprimento así mesmo á legalidade vixente, quedando en todo caso acreditados a causa e os fins perseguidos coa desafectación, procurándose no expediente o interese xeral .

Á vista do anterior, resultando conveniente proceder á desafectación e, no seu caso, posterior permuta entre os bens aos que se refire o presente.

En virtude do exposto, e segundo os artigos 22.2l), 81 e 47.2 n) da LRBRL, artigo 8 do RBEL e artigo 269 da LALGA, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a desafectación do camiño público proveniente da concentración parcelaria da Lampai, que atravesa a parcela 62 da concentración parcelaria, dividíndoa en dúas partes, e que partindo da fonte pública no seu extremo oeste, vai a unirse con outro camiño de titularidade municipal no regato polo que discorre pola metade da parcela 62 no seu extremo leste, camiño que ten

aproximadamente unha superficie de 71 m², segundo o detalle que se grafía de seguido.




Segundo.- Someter o expediente a información pública, durante un mes, mediante a inserción do anuncio no BOP, no taboleiro de edictos, na web municipal e na sede electrónica, para que as persoas interesadas poidan formular as reclamacións que estimen pertinentes”.

Preguntado polo sr. alcalde os/as concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.


Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e oito abstencións (7 PP e 1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a desafectación do camiño público proveniente da concentración parcelaria da Lampai, que atravesa a parcela 62 da concentración parcelaria, dividíndoa en dúas partes, e que partindo da fonte pública no seu extremo oeste, vai a unirse con outro camiño de titularidade municipal no regato polo que discorre pola metade da parcela 62 no seu extremo leste, camiño que ten aproximadamente unha superficie de 71 m², segundo o detalle que se grafía de seguido.



Segundo.- Someter o expediente a información pública, durante un mes, mediante a inserción do anuncio no BOP, no taboleiro de edictos, na web municipal e na sede electrónica, para que as persoas interesadas poidan formular as reclamacións que estimen pertinentes.

4.- DITAME DA MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE SONDETEO-ANOVA E PSdG-PSOE SOBRE A CONSTITUCIÓN DUNHA MESA DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da moción dos grupos municipais de Son de Teo-Anova e PSdG-PSOE, de 9 de abril de 2019 (rex. entrada nº 2230), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, participación veciñal e mocidade de 16 de abril de 2019.

“PROPOSTA DE MOCIÓN DE SON DE TEO - AN0VA E PSdG/PSOE SOBRE A CONSTITUCIÓN DUNHA MESA DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL SOBRE A VIOLENCIA DE XENERO.

Exposición de motivos



A Xunta Local de Seguridade do Concello de Teo, creou no ano 2011 unha Comisión Técnica de Coordinación contra a Violencia de Xénero, seguindo as indicacións da delegación do Goberno en Galicia. Esta mesa tiña como obxectivo principal coordinar as forzas de seguridade cos servizos municipais. Ao longo destes anos, a estratexia de abordaxe da violencia de xénero mudou, e as comisións técnicas mostráronse pouco eficaces para conseguir as súas metas.

Despois de repensar as posibilidades optouse na súa última reunión do 4 de febreiro por propoñer a súa disolución, proposta refrendada na reunión da Xunta Local de Seguridade do 9 de abril pasado. Esta proposta inclúe a creación dunha mesa de coordinación policial, composta pola Policía Local, a Garda Civil e do CIM. Esta mesa circunscribe a súa actividade a planificar a atención a vítimas concretas.

Por outra banda, a Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia hai dous anos que promove a creación de Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional Frente a Violencia de Xénero. Estas mesas pretenden reunir a representantes de distintas administracións co fin de promover a coordinación de distintas institucións para mellorar a eficacia na prevención e detección dos casos de violencia de xénero, así como para conseguir unha mellor complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Esta función é necesaria, e polo tanto propoñemos ao pleno do concello constituíla. Pero tamén entendemos que existe unha eiva na regulación das mesmas. Non hai ningunha norma que regule o funcionamento, composición ou competencias das mesmas, nin tampouco unha coordinación coa administración autonómica ou provincial. So existe un folleto divulgativo das mesmas, que evidentemente non compromete a asistencia dos profesionais de outras administracións ás reunións convocadas, nin a obriga de colaborar en ningún dos seus traballos. Queda pois en mans da vontade e do interese persoal a participación das persoas propostas.

A pesar destas circunstancias consideramos necesario constituir esta mesa, en espera que a Xunta de Galicia faga da coordinación unha función homologable dentro das obligas profesionais dos traballadores de outras áreas de traballo.

Polo tanto, proponse ó Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Que a creación da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional Frente a Violencia de Xénero en Teo para mellorar a coordinación e complementariedade na prevención e tratamiento da violencia de xénero no concello de Teo. Esta mesa esta constituída por:
 - Alcalde/sa ou concelleiro ou concelleira en quen delegue que a presidira.
 - Vogais



CONCELLO

DE TEO

Secretaría Xeral

- Concelleiros e concelleiras con competencias na prevención e loita contra a violencia de xénero.
 - Persoal municipal do CIM e representación do departamento de benestar policia local.
 - Representantes da Garda Civil, e de outros corpos de seguridade que se poidan estimar oportunos.
 - Representantes dos centro educativos teenses.
 - Representantes dos centros de saúde do concello.
 - Representantes da xudicatura en temas de violencia de xénero.
 - A mesa local pode ampliar a representación a outras entidades ben de xeito estable ou ocasional por razón de oportunidade.
-
- A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional Frente a Violencia de Xénero reunirse de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter urxencia sempre a situación o requira.
 - Que se estableza por parte da Xunta de Galicia unha normativa de funcionamento deste ou outro recurso de coordinación interinstitucional sobre violencia de xénero, e con competencias e canles de comunicación administrativa claras.
 - Que se comunique este acordo a secretaría xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.”.

Refírese o sr. Iglesias ao VioGén e explica que se trata dun programa de datos das vítimas de violencia de xénero, engadindo que é preciso que o manexe a policía local. Para iso é preciso constituír unha mesa de coordinación policial, que estaría dentro da Xunta Local de Seguridade, polo tanto se entende que a Comisión técnica de coordinación contra a violencia de xénero non ten sentido. Así, a propia Comisión propón a súa disolución, a creación da mesa de coordinación policial e a constitución dunha mesa local de coordinación interinstitucional

O sr. Iglesias di que a mesa de coordinación policial é necesaria simplemente para que a policía poidan colaborar nas tarefas de protección das vítimas de violencia de xénero, e sen a constitución dessa mesa non se pode acceder ao VioGén, e non se pode colaborar como forza policial, e a súa vez vez se vai a facer unha apostia polas mesas



locais de coordinación interinstitucional, aínda que teñen todas as dúbidas do mundo sobre a súa funcionalidade e a súa eficacia e eficiencia.

O sr. Iglesias amosa un folleto da Secretaría Xeral de Igualdade e sinala que é o único documento e se chama “*Guía práctica para a constitución das Mesas Locais de coordinación Interinstitucionais contra a violencia de xénero*”, engadindo que se trata dun folleto e que non hai nada máis que iso. Salienta que un sistema de coordinación institucional sustentado nun folleto é a primeira vez que o ve, a pesar de que leva moitos anos traballando no servizos sociais. O sr. Iglesias reitera que ten as súas profundas dúbidas, engadindo que a nivel político se trata simplemente de crear espazos que non teñen unha operatividade real, ademais de que ningunha das persoas convocadas, agás os membros da propia institución, van a ter obriga de asistir.

Sinala o sr. Iglesias que dende un punto de vista técnico van a intentar saír para diante con isto, aínda que dende un punto de vista político queren que quede constancia de que é necesario que estas mesas teñan unha normativa de funcionamento e unha canle clara de coordinación carra arriba, e así que todo o que se fale nestas mesas haxa quen o recolla e o analice, así como que toda esta xente teña unha obriga dentro da súa actividade profesional de asistir a este tipo de coordinacións que son imprescindibles para abordar este problema de primeira magnitude. Remata o sr. Iglesias a súa intervención sinalando que van a intentar que funcione, aínda que lle parece unha chapuza.


Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que está de acordo con todo o dito, engadindo que en todo caso por eles que non sexa.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.



O sr. Sánchez pregunta se a composición é por iniciativa do concello ou se basea nalgúnha normativa ou nalgúnha directriz da propia Consellería.

O sr. Iglesias explica que se basea no folleto da Dirección Xeral de Igualdade.

O sr. Sánchez di que en calquera caso, poderíase proponer que, da mesma forma que a composición da Xunta Local de Seguridade nunha última epígrafe contempla a posibilidade de que se inclúa representación de todos os partidos políticos, que neste caso tamén houbera un epígrafe que incluirá dita posibilidade.

O sr. Iglesias sinala que se trata dunha coordinación institucional, polo tanto no que se fai fincapé nestas mesas é na representación das distintas Administracións Públicas, non tanto das forzas políticas, porque ten unha visión máis técnica.

O sr. alcalde sinala que, pese ao pesimismo do sr. Iglesias, que comparten, na última Xunta Local de Seguridade, coa representación da Garda Civil e da policía local, era un acordo de consenso desfacer a outra e crear esta comisión.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.


Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

- **Crear a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional Frente a Violencia de Xénero en Teo para mellorar a coordinación e complementariedade na prevención e tratamiento da violencia de xénero no concello de Teo. Esta mesa está constituída por:**
 - **Alcalde/sa ou concelleiro ou concelleira en quien delegue que a presidira.**
 - **Vogais**
 - **Concelleiros e concelleiras con competencias na prevención e loita contra a violencia de xénero.**



- Persoal municipal do CIM e representación do departamento de benestar policía local.
 - Representantes da Garda Civil, e de outros corpos de seguridade que se poidan estimar oportunos.
 - Representantes dos centro educativos teenses.
 - Representantes dos centros de saúde do concello.
 - Representantes da xudicatura en temas de violencia de xénero.
 - A mesa local pode ampliar a representación a outras entidades ben de xeito estable ou ocasional por razón de oportunidade.
-
- A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional Frente a Violencia de Xénero reunirase de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter urxencia sempre a situación o requira.
 - Que se estableza por parte da Xunta de Galicia unha normativa de funcionamento deste ou outro recurso de coordinación interinstitucional sobre violencia de xénero, e con competencias e canles de comunicación administrativa claras.
 - Que se comunique este acordo a secretaría xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

5.- MOCIÓNNS.

Antes de entrar no punto sexto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Fernández refirese ao trazado do camiño de Santiago, concretamente no camiño da Lamela, e sinala que se sabe que o trazado do camiño actual non é o



trazado do camiño orixinal, e así figura, por exemplo, nos planos de concentración parcelaria. Pregunta o sr. Fernández como está a cuestión, cómo ve o tema o sr. alcalde e qué se vai a facer.

O sr. alcalde sinala que hai un trazado tradicional e outro actual. O Plan Xeral do 2010 ten un trazado do camiño aprobado pola Dirección Xeral de Patrimonio e avalado por estudos históricos e que se supón que é o trazado tradicional, e se non o é, é o que pon o Plan Xeral e o que conta cos informes pertinentes e ao que habería que aterse. Porén por motivos económicos ou de interese persoal, ese camiño foi derivando, e por onde hoxe veñen os peregrinos non coincide exactamente, e iso ademais xerou unha situación de perigo evidente ao cruzar o enlace da autovía cara a Brión, ao lado do serradoiro. Salienta o sr. alcalde que se reclamou repetidamente que se lle dera unha solución, que en definitiva se o camiño viña por aí tiña que ser cun paso soterrado ou como fose.

A sra. Lemus sinala que o sr. Fernández está falando do camiño da Lamela, da señora que se queixa.


O sr. alcalde di que vale a explicación e nese caso coincide por onde van os peregrinos co que aparece no Plan Xeral. Explica que a cuestión é que nun momento determinado, a raíz do Xacobeo 99, ese camiño se amplía, parece ser que o concello mandou unhas palas e abriu ese camiño e se se compara co plano de concentración parcelaria dista uns seis metros da situación orixinal. Todo isto se reinicia a través das queixas dunha veciña de alí que di que o camiño está invadindo a súa propiedade. Explica o sr. alcalde que, aínda que non se trate dunha cuestión propriamente municipal, porque a titularidade do camiño non é neste momento municipal, se fixo un levantamento topográfico. O levantamento determina que no extremos máis cara Padrón o camiño invade uns seis metros leira da señora, e que case xusto na desembocadura, é dicir no cruce do camiño da Lamela, o camiño chega dentro das tullas da señora. Se lle dixo á señora que se promovería a modificación do camiño pero que se faría en base ao estudio, en toda a lonxitude da súa finca, non so na parte que lle beneficiaba. Sinala o sr. alcalde que esa é a situación e que ela dixo que non estaba



de acordo, e incluso fixo outro levantamento topográfico, que ademais coincide na delimitación porque non cabe outra. Sinala o sr. alcalde que, en todo caso, parece que como ela non quere perder as súa tullas, a situación vai a quedar así. Salienta que o que non se pode facer dende o concello é promover unha modificación do camiño para recompoñer o trazado nunha parte e non na outra.

2.- O sr. Fernández lembra a petición que fixera no seu día de pintar un ou dous aparcamentos para motos en Campos de Mirabel.

3.- Sinala o sr. Fernández que se puxo en Solláns a lomba e vai ben, porén este días que choveu a beiravía empoza polo que habería que ver como solucionalo.

4.- O sr. Fernández di que lle gustaría saber cales son os criterio de limpeza das beiras dos camiños. Sinala que vai a poñer un caso, por exemplo en San Domingo existe un camiño que se limpa de maneira asidua e regular, e perfectamente, que é o camiño que vai para o depósito de auga, porén outros camiños que van por dentro do núcleo, non se limpan ca mesma regularidade. Pregunta o sr. Fernández cáles son os criterios e se responde algunha razón concreta.


O sr. Francos sinala que ao único que respondería é que, tratándose do camiño que vai aos depósitos, o solicitan os veciños que teñen os depósitos, ademais de que non deixa de ser un camiño público, os outros, sobre todo onde hai casas abandonadas, tamén se limpan porque ninguén lles toca, e tratándose do resto sería inviable facer todos os núcleos porque non hai persoal suficiente para iso, aínda que si se lle da un repasiño polo verán, sobre todo na zoa de Calo que é a que se externaliza, porén hai outros núcleos que non se tocan porque sería inviable, sería preciso triplicar a plantilla.

O sr. Fernández sinala que neste caso é por demanda veciñal.

O sr. Francos resposta que si, que son os veciños quen os solicitan porque alí hai unha parede de pedra, e nacen as silvas, e é complexo de limpar, e son os veciños os que o piden para poder acceder á mina de augas e os depósitos



ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulañ ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulañ os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Sánchez di que tivo coñecemento do expediente sancionador que abriu Augas de Galicia por augas residuais verquidas en dominio público en Calo, e pregunta en que quedou a resolución, se xa hai constancia de que se resolverá e lle chegou ao concello, se xa hai sanción ou se arquivou, cal foi exactamente o motivo e, se finalmente hai sanción, se se coñece a contía.

O sr. alcalde explica que entende que se refire a un verquido producido na Edar de Calo. Sinala que a proposta de sanción, que a Xunta considera definitiva aínda que houbo unha primeira alegación do concello, é de 1.500 €, e existe posibilidade de recurso de alzada, que se vai a executar e incluso se está plantexando ir á vía xudicial. O sr. alcalde sinala que non se trata realmente dun verquido concreto, non é que fora ali un día Augas de Galicia e vira un verquido que non cumprira os límites dos parámetros de verquido e a sanción veña diso, senón que a sanción ven porque no 2016 se personou unha das traballadoras da empresa subcontratada por Augas de Galicia para ese control de verquidos e levanta acta sinalando que non se están utilizado as lámparas ultravioletas polas que debe pasar a auga antes de ser verquida ao río.


Explica o sr. alcalde que a historia é que esas lámparas levaban sen funcionar polo menos dende finais do ano 2011, nunca funcionaron, as puxeron cando se iniciou a depuradora, se estropearon e aí quedaron. Mientras estivo Aquaguest xestionando a depuradora, en todos os informes, nos que se facía unha valoración do estado da Edar, se indica que as lámparas non funcionan. Curiosamente en todo ese período, dende o 2011 ata o último trimestre do 2015, cando o colle o concello, non hai ningunha denuncia. A denuncia se presenta cando o concello comeza a xestionar o servizo, e no so iso, senón que incluso a denuncia se presenta agora, fai tres ou catro meses, sobre esa acta levantada no ano 2016, co agravante de que o concello demostrou que



despois de oito anos de xestión privada, esas lámparas se repoñen, no ano 2017, e está funcionando na actualidade. Salienta o sr. alcalde que a maiores non se pode dicir que a depuradora sobrepasara os límite de verquido en ningún dos parámetros, porque non hai ningunha analítica que o demostre, a denuncia é porque non se está cumplindo unha das condicións que poña a autorización de verquido. Saliente que incluso varias veces esos traballadores de Avantia que viñan a facer a valoración dixerón que esas lámparas non valían para nada, que se pedira que se quitara ese condición, porén se estaban sería para algo, e de aí que o concello as repuxo, e por enriba terá que pagar a multa.

Salienta o sr. alcalde que se trata dunha medida inxusta, porque postos a falar de verquidos todos son conscientes do dos Verxeis, e alí viu Augas de Galicia cen veces, a Fiscalía, outras cen, e non hai multa, e alí si que hai un verquido, polo que o tratamento que se fai é bastante desigual neste casos.

2.- A sra. Nariño pregunta cando se vai a facer, aproximadamente, o asfaltado do viario de A Torre.

A sra. Lemus resposto que o contrato xa está adxudicado, penso que áinda non se asinou o contrato, polo que calcula que en xullo.

O sr. alcalde sinala que agradecendo a asistencia dos/as concelleiros/as e a súa colaboración durante todos estes anos, procede levantar a sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Alcalde
CONCELLO DE TEO
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria
CONCELLO DE TEO
SECRETARIA
Virginia Fraga Díaz